

1.3. Agregados da demanda

DENDE O PUNTO DE VISTA DA DEMANDA, O CRECEMENTO DO 3,0% EXPERIMENTADO POLA ECONOMÍA galega en 2004 ven explicado pola achega da demanda interna, que se segue comportando como o motor de crecemento. A pesar de que a contribución da demanda externa ao crecemento do PIB segue sendo negativa, ao igual que en 2003, esta mellora en máis dun punto porcentual.

A contribución da demanda interna ao crecemento agregado mantívose en 2004 nos 3,8 puntos. O cadro macroeconómico reflicte o importante crecemento do investimento –Formación Bruta de Capital–, que medrou un 4,2% respecto ao ano anterior, tres décimas máis que en 2003. O gasto en consumo o fixo nun 3,1%, unha décima menos que no ano precedente, sendo o compoñente que máis aumenta o do gasto das Administracións Públicas, co 3,5%.

A redución en medio punto porcentual da achega negativa do sector exterior veu motivada pola medra de case sete puntos porcentuais das exportacións e importacións galegas. En 2003 as importacións medraron un 5,7% e as exportacións un 4,6%.

DEMANDA INTERNA

O incremento da contribución da demanda interna ao crecemento económico galego debeuse tanto á medra do gasto en consumo final como á do investimento. Como reflicte o **cadro 1.3.1.**, o gasto en consumo final medrou ao longo do ano 2004 un 3,1%, unha décima menos que no ano anterior, sendo este incremento do 3,0% no caso do gasto dos fogares, e do 3,5% no das Administracións públicas. O investimento presentou unha taxa de crecemento superior ao catro por cento.

• Consumo

O **cadro 1.3.2.** recolle os principais datos de consumo privado así como as **expectativas dos consumidores**. Estas últimas, medidas a través do indicador de confianza do consumidor, caracterízanse en 2004 pola persistencia dun certo pesimismo, dado os valores negativos dos mesmos. Se se comparan os datos correspondentes aos meses de xuño a decembro dos anos 2003 e 2004, o indicador de confianza do consumidor (calculado a partir da información recollida sobre a situación económica futura do fogar e da C.A., capacidade futura de aforro e a evolución do número de parados) deteriorouse lixeiramente, ao acadar un rexistro negativo de 17 puntos fronte aos 10,4 puntos negativos no mesmo período do ano anterior. Pola contra, a pesar de rexistrar resultados negativos, os indicadores de sentimento do consumidor (índice de resume calculado a partir da información sobre as oportunidades de facer grandes compras e sobre a situación financeira persoal e de Galicia), os da capacidade actual e futura de aforro e o relativo á oportunidade de facer grandes compras presentan unha leve mellora.

Como primeira aproximación ao **consumo final da familias** cómpre salientar que en Galicia, a diferenza do acontecido no conxunto do Estado, prodúcese

PIB trimestral 2003-04: taxas de variación interanuais dos principais agregados da demanda

	2003	2004	2003				2004			
			Trim. I	Trim. II	Trim. III	Trim. IV	Trim. I	Trim. II	Trim. III	Trim. IV
			(%)							
Gasto en consumo final	3,2	3,1	2,7	3,1	3,4	3,4	3,6	3,0	3,6	2,2
gasto dos fogares	3,1	3,0	2,5	3,1	3,4	3,4	2,9	3,5	3,2	2,3
gasto das AA.PP.	3,5	3,5	3,3	3,4	3,6	3,7	6,1	1,1	5,2	1,7
Formación bruta de capital	3,9	4,2	4,0	3,9	3,7	3,9	1,7	4,5	6,8	3,8
Demanda interna (1)	3,8	3,8	3,4	3,7	3,9	4,0	3,4	3,9	5,0	3,2
Exportacións de bens e servizos	4,6	6,7	3,4	4,0	4,9	5,9	7,0	6,8	8,3	4,8
Importacións de bens e servizos	5,7	6,7	4,7	5,4	6,0	6,6	6,6	7,2	9,2	3,9
PIB a prezos de mercado	2,4	3,0	2,0	2,2	2,5	2,8	3,0	2,6	3,3	3,1

(1) Achega ó crecemento do PIB pm (prezos constantes)
 Fonte: IGE, Contabilidade trimestral

CADRO 1.3.1. ▲

CADRO 1.3.2. ►

Principais indicadores do consumo e do investimento en Galicia e España 2003-2004

	Galicia		España	
	2003	2004	2003	2004
	(taxas de variación interanuais)			
Consumo				
Renda familiar bruta dispoñible	6,0	6,2	5,8	6,5
Gasto medio por persoa	5,1	3,2	1,9	6,6
Índice de vendas do comercio polo miúdo	6,7	1,1	5,2	2,6
Producción de bens de consumo	3,5	0,2	0,5	0,0
Producción de bens de consumo duradeiro	10,5	8,7	-0,6	0,1
Producción de bens de consumo non duradeiro	3,0	-0,5	0,7	0,0
Importación de bens de consumo	22,3	5,6	6,2	5,5
Matriculación automóviles	8,2	9,0		
Ocupación hoteleira	16,8	20,7	4,4	6,8
Gasto de Administracións Públicas	3,5	3,5	3,9	4,9
	(saldo medio das respostas)			
Expectativas do consumidor				
Indicador de confianza do consumidor (1)	-10,4	-16,9 (-17,0)		
Indicador de sentimento (1)	-18,7	-26,2 (-15,5)		
Capacidade futura de aforro (1)	-32,1	-37,2 (-20,4)		
Oportunidades de facer grandes compras (1)	-52,8	-63,7 (-35,2)		
Posibilidade actual de aforro (1)	-35,4	-49,8 (-28,1)		
Investimento				
	(taxas de variación interanuais)			
Formación bruta de capital	3,9	4,2	3,2	4,6
Producción de bens de equipo	3,5	-0,5	0,8	2,0
Matriculacións de vehículos de carga (3)	5,6	6,2		
Importacións de bens de equipo	9,7	1,8	6,8	14,2
Licitación pública				
Licitación pública de todas Administracións	25,7	55,6	2,2	18,0
Licitación pública da Admon. Central		87,1		-6,6
Licitación pública Admons. Autonómicas	-15,8	42,6	-5,8	18,6
Licitación pública de Admon. Local		-4,7		59,9
Consumo de cemento	5,6	0,7	4,8	5,3

(1) Os datos de 2003 corresponden ó saldo medio entre os meses de xuño a decembro, e os de 2004 ao saldo medio anual. Presentan valores que oscilan entre -100 e +100, sendo os resultados máis optimistas tanto para o momento actual como para o futuro os que máis se acerquen ao punto máximo

(2) Entre paréntese están os datos correspondentes ao período xuño-decembro para poder facer unha análise comparativa cos resultados do ano anterior.
 (3) considéranse as matriculacións de camiós, furgonetas e tractores industriais

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de IGE, INE, Seopan, ICEX, Funcas e Oficemen

unha ralentización do incremento do gasto medio por persoa. No último ano, este medrou un 3,2% en Galicia, case dous puntos porcentuais menos que no ano anterior e 3,4 puntos menos que en España.

O devandito **cadro 1.3.2.** indica que a renda familiar bruta dispoñible presenta en Galicia unha medra do 6,2% respecto ao ano anterior, dúas décimas máis que o incremento experimentado en 2003. No conxunto do Estado, a RFBD medrou un 6,5%, sete décimas máis que o ano precedente.

Atendendo á relación entre o nivel económico –índice da renda familiar dispoñible por habitante– e o número de municipios e a poboación, o **cadro 1.3.3.**

Nivel económico dos municipios e poboación ⁽¹⁾: distribución segundo intervalos de RFBD/hab. ⁽²⁾

	Intervalos de RFBD/hab.			Total
	8.300 9.300	9.300 10.200	10.200 11.300	
A Coruña				
municipios	65	27	2	94
habitantes	381.902	703.358	36.084	1.121.344
Lugo				
municipios	25	37	1	63
habitantes	73.264	190.900	91.426	355.590
Ourense				
municipios	21	57	4	82
habitantes	40.729	164.791	127.389	332.909
Pontevedra				
municipios	47	14	-	61
habitantes	369.656	560.571	-	930.227
Galicia				
municipios	158	135	7	300
habitantes	865.551	1.619.620	254.899	2.740.070

(1) recolle os municipios con máis de 1.000 habitantes segundo o padrón de habitantes a 1 de xaneiro de 2005

(2) renda familiar disponible/habitante. Intervalos de renda expresados en euros

Fonte: La Caixa, Anuario Económico de España

◀ CADRO 1.3.3.

reflicte que máis da metade dos concellos galegos encádranse nun intervalo de renda comprendido entre 8.300 e 9.300 euros. Neste nivel atópanse un total de 158 municipios galegos (o 52,7% do total de municipios con máis de 1.000 habitantes) nos que están empadroadas 865.551 persoas (o 31,6% da poboación galega). Os 135 concellos galegos cun nivel económico entre 9.300 e 10.200 euros acollen a 1.619.620 persoas (o 59,1% da poboación).

O devandito **cadro 1.3.3.** reflicte que sete municipios galegos presentan unha renda familiar bruta dispoñible por habitante comprendida entre 10.200 e 11.300 euros, ascendendo a poboación residente a 254.899 persoas (9,3%). Destes sete concellos, catro atópanse na provincia de Ourense, dous en A Coruña e un en Lugo.

Segundo o índice de vendas do comercio polo miúdo, as vendas experimentaron tanto en Galicia como en España unha ralentización do seu crecemento. En Galicia medraron un 1,1%, máis de seis puntos e medio menos que en 2003, en tanto que no conxunto do Estado, a taxa de crecemento foi do 2,6%, a metade da producida no ano anterior.

Esta ralentización do incremento do gasto medio por persoa e do índice de vendas do comercio polo miúdo reflíctese tamén na produción de bens de consumo en Galicia, que experimentou ao longo de 2004 unha taxa de variación media do 0,2%, máis de tres puntos porcentuais inferior á rexistrada en 2003. A taxa de crecemento da produción de bens de consumo duradeiro foi do 8,7%, (10,5% en 2003) en tanto que produción de bens de consumo non duradeiro reduciuse nun 0,5% en 2004 fronte á medra do ano anterior. No conxunto do Estado, a produción total e a de bens de consumo non duradeiro permaneceu constante, rexistrándose unha medra dunha décima porcentual no caso da produción de bens de consumo duradeiro.

A matriculación de automóviles, indicador clave da evolución do gasto en consumo dos fogares, amosa unha evolución positiva, ao rexistrar unha medra do 9% respecto ao ano anterior.

A evolución dos tipos de xuro tamén tivo o seu impacto neste apartado. O **cadro 1.3.4.** reflicte que, a diferenza do acontecido no ano anterior, entre os

Tipos de xuros referentes a créditos para o consumo 1998-2004

	Bancos	Caixas de aforros
1998 (1)	9,94	8,57
1999	9,37	8,30
2000	9,59	9,05
2001	9,47	8,93
2002	9,22	8,57
2003	9,25	8,29
2004		
Xaneiro	9,14	8,14
Febreiro	8,84	8,06
Marzo	8,78	8,06
Abril	8,77	8,06
Maio	8,74	8,06
Xuño	8,75	8,06
Xullo	8,75	8,06
Agosto	8,75	8,06
Setembro	8,77	8,07
Outubro	8,68	8,07
Novembro	8,69	8,07
Decembro	8,68	8,04

(1) dato correspondente ó mes de decembro
Fonte: Banco de España

CADRO 1.3.4. ►

Tipo medio dos préstamos hipotecarios a máis de tres anos 2000-2004

	Bancos	Caixas de aforros	Conxunto entidades
2000	5,708	5,822	5,764
2001	5,597	5,926	5,760
2002	4,687	4,896	4,795
2003	3,627	3,791	3,713
2004	3,265	3,435	3,356
Abril	3,165	3,384	3,279
Maio	3,144	3,351	3,255
Xuño	3,245	3,362	3,307
Xullo	3,252	3,388	3,323
Agosto	3,335	3,441	3,392
Setembro	3,286	3,436	3,367
Outubro	3,235	3,419	3,332
Novembro	3,314	3,445	3,383
Decembro	3,265	3,424	3,349

(1) dato correspondente ó mes de decembro
Fonte: Banco de España

CADRO 1.3.5. ►

meses de decembro de 2003 e 2004 prodúcese un descenso dos tipos de xuro dos créditos ao consumo tanto no caso das caixas de aforro (0,25 puntos menos), como no dos bancos (0,57 puntos).

O último indicador do consumo recollido no **cadro 1.3.2.** é o que fai referencia ao gasto en **consumo final das Administracións públicas.** Este presentou unha aceleración de un punto porcentual no conxunto do Estado e mantívose constante en Galicia, ascendendo ata o 4,9% en España e ao 3,5% en Galicia.

• **Investimento**

A **formación bruta de capital** medrou no ano 2004 un 4,2%, tres décimas máis que no mesmo período do ano anterior. Tal como reflicte o **cadro 1.3.1.**, este indicador rexistra unha taxa de crecemento superior ao 4% no segundo e terceiro trimestres do ano, acadando a medra máis elevada no terceiro trimestre, cun 6,8%.

Polo que respecta ao **investimento en bens de equipo**, reflectido nos datos de produción, o **cadro 1.3.2.** indica unha caída do mesmo en Galicia no ano 2004. Trala medra do 3,5% rexistrada en 2003, a produción de bens de equipo descendeu un 0,5% no último ano. Asemade, outros indicadores do investimento en bens de equipo, como as importacións de bens de equipamento, reflicten unha ralentización no seu incremento na comunidade galega.

A licitación oficial pública de tódalas administracións segundo data de anuncio rexistrou unha forte aceleración en 2004, sendo esta moito máis acusada en Galicia que no conxunto do Estado. A licitación pública incrementouse en Galicia nun 55,6% respecto aos datos do ano anterior, sendo esta porcentaxe do 18,0% en España. Se se teñen en conta a desagregación da licitación en Galicia segundo as diferentes administracións, cómpre salientar que a licitación pública da Administración Central medrou nun 87,1% e a da Autonómica nun 42,6%, mentres que a licitación na administración local presenta unha caída de case un 5%.

Outra variable que permite comprender a evolución do investimento é a caída dos tipos medios dos préstamos hipotecarios a máis de tres anos. O **cadro 1.3.5.** reflicte que entre decembro de 2003 e 2004 volven a descender os tipos medios, aínda que menos que no ano anterior. Fronte a unha caída lixeiramente superior a un punto porcentual rexistrada entre os meses de decembro de 2002 e 2003, o devandito cadro amosa unha caída de case catro décimas entre os mesmos meses de 2004 e 2003.

Finalmente, se se consideran as **expectativas empresariais**, medidas a través do Indicador de Confianza Industrial –indicador que tenta amosar unha visión sintética e global das opinións expresadas cada trimestre e por cada empresario colaborador en relación ao estado da carteira de pedidos, nivel de existencias e tendencia estimada da produción–, estas amosan un empeoramento con respecto ao mesmo período do ano anterior. Segundo os datos recollidos no terceiro trimestre de 2004, o indicador de confianza acadou un valor de 5,40 puntos (20,12 puntos no mesmo período do ano anterior), polo que parece persistir a tendencia á baixa rexistrada nos trimestres anteriores.

No concernente ao investimento empresarial, no terceiro trimestre do 2004 segue a medrar máis o segmento de activo circulante que o do fixo (7,5% e 3,5%, respectivamente), acadando a relación entre o activo fixo e circulante un valor do 1,45 puntos (1,51 no mesmo trimestre do ano anterior) e entre os recursos alleos e propios 1,28 puntos (1,22 puntos no ano anterior).

SECTOR EXTERIOR

A achega da demanda externa ao crecemento do PIB segue sendo negativa en 2004. Tal como indica o **cadro 1.3.1.**, a contribución negativa do sector exterior no último ano foi de 0,8 puntos porcentuais fronte aos 1,4 puntos do ano anterior. A redución en seis décimas porcentuais da achega negativa do sector exterior veu motivada pola medra de case sete puntos porcentuais das exportacións e importacións galegas.

En termos absolutos, o cadro macroeconómico de Galicia reflicte que as exportacións galegas, tanto ao conxunto do Estado como a terceiros países, acadaron un valor de 26.574,8 millóns de euros (prezos correntes), e que as importacións ascenderon a 31.660,9 millóns de euros. Polo tanto, o grado de apertura da economía galega foi do 133,1% (131,8% no ano anterior) e a taxa de cobertura acadou o 83,9%, fronte ao 83,3% de 2003.

Importacións e exportacións de Galicia 2003-04: distribución segundo áreas xeográficas

	Importacións		Exportacións		Saldo comercial		Taxa de cobertura	
	2003	2004 (3)	2003	2004 (3)	2003	2004 (3)	2003	2004 (3)
	(en millóns de €)				(%)			
Total (1)	29.330,5	31.660,9	24.427,9	26.574,8	-4.902,6	-5.086,1	83,3	83,9
Resto de CC.AA. (2)	19.082,3	20.707,3	14.434,9	16.092,3	-4.647,4	-4.615,1	75,6	77,7
UE e terceiros países	10.248,2	10.953,6	9.993,0	10.482,5	-255,2	-471,0	97,5	95,7
OCDE	7.534,3	8.153,2	8.777,9	9.172,8	1.243,6	1.019,7	116,5	112,5
UE-25 agás España	6.122,0	6.522,8	8.177,2	8.445,1	2.055,2	1.922,3	133,6	129,5
América Latina	1.046,9	1.047,5	349,0	355,5	-697,9	-692,0	33,3	33,9
OPEP	431,0	524,0	160,9	210,7	-270,1	-313,3	37,3	40,2
Estados Unidos	411,7	470,5	157,4	150,6	-254,3	-319,8	38,2	32,0
Mercosur	423,8	413,0	86,7	91,7	-337,1	-321,3	20,5	22,2

(1) Valor total de exportacións e importacións recollidos no cadro macroeconómico de Galicia

(2) Calculado como a diferenza entre o valor total de exportacións e importacións e o valor do comercio galego coa UE e terceiros países

(3) Datos provisionais

Fonte: IGE

CADRO 1.3.6. ▲

Como primeira característica das relacións comerciais galegas, o devandito cadro reflicte que España é o principal mercado dos nosos produtos, ao acoller o 65,4% das importacións e o 60,6% das exportacións galegas. O déficit comercial das relacións co resto das CC.AA. ascendeu a 4.615,1 millóns de euros e a taxa de cobertura foi do 77,7% (75,6% no ano anterior).

No que ao comercio exterior con terceiros países se refire, cómpre salientar a forte concentración e especialización das relacións comerciais. Dunha banda, a provincia de Pontevedra acapara o 58,8% das relacións comerciais galegas. Doutra, a Unión Europea é o segundo mercado en importancia, acollendo o 78,0% das vendas galegas a terceiros países dirixense a estes países e o 58,8% das compras a terceiros países veñen desta zona xeográfica. Ademais, un só capítulo arancelario, o 87, representa o 25,8% da importacións e o 43,8% das exportacións á UE e o resto do mundo (o peso relativo dos dez primeiros capítulos de importación e exportación sitúase no 76,9% e 78,6%, respectivamente).

- Comercio exterior con terceiros países

Ao longo do ano 2004 a actividade comercial (suma de exportacións e importacións) en Galicia rexistrou unha medra do 6,0% respecto ao ano anterior, nove décimas menos que á experimentada no ano anterior, sendo este incremento do 9,4% no conxunto do Estado (4,8% en 2003). Esta evolución prodúcese fundamentalmente polo incremento do 6,9% rexistrado no caso do valor total das importacións galegas (cinco puntos porcentuais menos que a media española) e do 5,0% no das exportacións (un punto porcentual menos que en España).

Esta evolución fixo que no último ano aumentara o **déficit** da balanza comercial galega, que se sitúa en -490,6 millóns de euros (fonte ICEX), cando en 2003 presentaba un saldo negativo de 287,1 millóns de euros.

- Importacións

O valor total das compras galegas ascendeu en 2004 a 10.950,4 millóns de euros, o que representa o 5,3% das importacións españolas (5,5% no ano anterior). Comparado co ano anterior, as importacións medraron en Galicia un 6,9%, cinco puntos porcentuais menos que no ano anterior.

O **cadro 1.3.7.** reflicte o diferente peso relativo do valor das importacións das diferentes provincias galegas no total da comunidade, onde salientan

Importacións e exportacións de Galicia e España á UE e resto do mundo 2003-04

	Importacións			Exportacións			Saldo comercial		
	2003	2004	04/03	2003	2004	04/03	2003	2004	04/03
	(en millóns de €)		(%)	(en millóns de €)		(%)	(en millóns de €)		(%)
A Coruña	3.930,5	4.499,7	14,5	2.698,7	2.937,0	8,8	-1.231,8	-1.562,8	-26,9
Lugo	295,2	397,4	34,6	259,4	304,0	17,2	-35,7	-93,4	-161,3
Ourense	225,2	256,0	13,7	412,8	428,9	3,9	187,5	172,9	-7,8
Pontevedra	5.793,6	5.797,3	0,1	6.586,5	6.789,9	3,1	792,9	992,7	25,2
Galicia	10.244,6	10.950,4	6,9	9.957,4	10.459,8	5,0	-287,1	-490,6	-70,8
España	185.113,7	207.125,5	11,9	138.119,0	146.452,1	6,0	-46.994,6	-60.673,5	-29,1
G/E	5,5	5,3		7,2	7,1				

Fonte: ICEX

Importacións 2004: distribución sectorial

	Importe	04/03	sector/total	G/E
	(en millóns de €)		(%)	
Enerxéticos	1.512.724,1	12,9	13,8	6,6
Non enerxéticos	9.437.632,7	6,0	86,2	5,1
Sector primario	2.464.976,1	2,8	22,5	8,6
Productos agrícolas	1.858.365,6	-0,3	17,0	9,2
Materias primas	606.610,5	13,8	5,5	7,3
Semimanufacturas	1.921.538,8	20,0	17,5	4,0
Industria química	882.759,3	9,0	8,1	3,0
Metais	959.424,4	32,5	8,8	5,8
Outras semimanufacturas	79.355,1	19,1	0,7	3,7
Manufacturas	5.051.117,8	2,9	46,1	4,7
Bens de equipamento	3.476.299,7	1,8	31,7	4,3
Maquinaria	621.410,4	-4,2	5,7	1,4
Materiais de transporte	2.854.889,3	3,2	26,1	7,4
Bens de consumo	1.574.818,1	5,6	14,4	6,2
Peletería	50.583,2	-9,3	0,5	3,5
Téxtiles	1.168.431,8	3,5	10,7	11,7
Outros bens de consumo	355.803,2	15,8	3,2	2,5
Total	10.950.356,8	6,9	100	5,3

Fonte: ICEX

▲ CADRO 1.3.7.

◀ CADRO 1.3.8.

Pontevedra e A Coruña, que acollen o 52,9% e o 41,1% do valor total da importacións galegas, respectivamente. Comparado co ano anterior, cómpre salientar a importante medra das importacións na provincia de Lugo, un 34,6% máis que en 2003.

No que atinxe á **análise sectorial** das importacións, o **cadro 1.3.8.** indica que ao longo do último ano rexistráronse incrementos nos cinco grandes sectores considerados: enerxético, sector primario, semimanufacturas, bens de equipamento e bens de consumo. O sector que experimentou un maior incremento interanual foi o de semimanufacturas, cun 20%, e dentro deste, salienta o subsector dos metais, cunha medra do 32,5% respecto ao valor de 2003. Séguelle en importancia o sector enerxético, cun incremento do 12,9%.

En termos do peso relativo no valor das importacións galegas, dada a importancia do sector da automoción, cómpre destacar o sector de bens de equipamento, que representa o 31,7% das importacións galegas (máis dun cuarto do valor das importacións corresponden ao subsector dos materiais de transporte).

Importacións 2004: principais capítulos e importacións da Unión Europea, Francia, Portugal e Italia

Nº Cap.	Denominación	Importe	cap. / total	04/03	Unión Europea	Francia	Portugal	Italia
		(en millóns de €)	(%)					
1 87	Automóvil, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios	2.826,6	25,8	3,9	2.795,5	2.188,6	183,3	97,0
2 27	Combustíbles minerais e aceites minerais; os seus destilados; materias bituminosas ceras miner.	1.512,7	13,8	12,9	220,4	8,9	26,9	4,1
3 3	Peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos	1.293,4	11,8	-4,7	333,0	63,9	102,2	15,7
4 72	Fundición, ferro e aceiro	571,7	5,2	43,2	480,4	133,1	241,5	3,5
5 62	Prendas e complementos de vestir, agás os de punto	461,8	4,2	-4,3	98,3	3,4	79,3	11,4
6 61	Prendas e complementos de vestir, de punto	426,5	3,9	10,3	179,6	3,1	153,6	20,0
7 30	Productos farmacéuticos	397,5	3,6	7,8	309,8	43,6	1,0	2,5
8 84	Reactores nucleares, caldeiras, máquinas, aparatos mecánicos; partes.	354,3	3,2	-17,6	291,4	44,1	22,8	78,8
9 44	Madeira, carbón vexetal e manufacturas de madeira	304,2	2,8	6,3	147,7	8,4	89,0	4,1
10 85	Máquinas, aparatos e material eléctrico e as súas partes, aparatos de grabación e repr. e partes	267,1	2,4	22,3	203,6	33,2	35,0	10,0
Total dos principais capítulos		8.415,9	76,9	5,4	5.059,7	2.530,2	934,6	246,9
Resto		2.534,5	23,1	12,3	1.384,0	212,8	401,4	284,6
Total		10.950,4	100	6,9	6.443,7	2.743,0	1.336,1	531,5

Fonte: ICEX

CADRO 1.3.9. ▲

Asemade, hai que mencionar ao sector primario, que acolle o 22,5% das importacións, e dentro deste, ao subsector de produtos agrícolas, co 17,0% do valor total das compras galegas.

Canto ao peso relativo no valor total das importacións españolas, o devandito cadro reflicte que Galicia representa o 8,6% das importacións españolas deste sector, fronte ao 6,6% do sector enerxético ou o 6,2% do sector de bens de consumo.

Descendendo un pouco máis na análise sectorial, o **cadro 1.3.9.** indica os principais capítulos importadores, así como os datos correspondentes á Unión Europea e os tres países máis importantes en termos do valor total das importacións (Francia, Portugal e Italia). O capítulo 87 (automóvil, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios) segue a ser o principal capítulo importador e, tras unha medra do 3,9% respecto ao ano anterior, supón o 25,8% das importacións galegas. Séguenlle en importancia os capítulos correspondentes a combustíbles minerais e aceites minerais, os seus destilados; materias bituminosas, ceras minerais (capítulo 27) e a peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos (03), co 13,8% e o 11,8% do valor total das importacións, respectivamente. En conxunto, estes tres capítulos acollen máis da metade das importacións galegas.

Da análise da **distribución xeográfica** das importacións galegas en 2004 destaca, como é habitual, unha maior concentración das mesmas na Unión Europea. Segundo os datos do ICEX, **cadro 1.3.10.**, case un 60% do valor total das importacións procede da UE (6.443,7 millóns de euros), en tanto que a segunda área xeográfica de procedencia das compras galegas é América do Sur, co 6,2% (674,9 millóns de euros), seguida de América do Norte, co 4,5% (498,0 millóns de euros). O principal subministrador de Galicia, por mor do papel da factoría Citroën en Vigo, é Francia, con 2.743,0 millóns de euros, seguido de Portugal, con 1.336,1 millóns, e Italia, con 531,5 millóns de euros.

Atendendo á desagregación por capítulos das importacións galegas dos países da **Unión Europea**, as importacións de produtos do capítulo 87 ascenden a

Importacións e exportacións 2003-04: distribución xeográfica segundo orixe e destino

	Importacións			Exportacións		
	2003	2004	04/03	2003	2004	04/03
	(en millóns de €)		(%)	(en millóns de €)		(%)
Europa	6.909,4	7.447,1	7,8	8.492,7	8.953,4	5,4
Unión Europea	6.022,5	6.443,7	7,0	7.829,3	8.163,1	4,3
Europa Oriental	297,5	318,3	7,0	298,4	272,3	-8,8
Países EFTA	394,7	448,9	13,8	138,6	245,2	76,9
Resto de Europa	194,8	236,2	21,3	226,3	272,8	20,5
África	969,4	1.046,6	8,0	421,6	441,8	4,8
América	1.622,7	1.643,7	1,3	572,5	562,3	-1,8
América do norte	438,6	498,0	13,5	212,8	186,2	-12,5
América central	393,5	418,1	6,3	155,2	158,1	1,9
América do Sur	722,4	674,9	-6,6	180,2	200,5	11,2
Asia	713,1	759,8	6,5	391,1	420,2	7,4
Oceanía	29,9	52,3	74,9	7,0	10,8	54,7
Outros	-	0,8		72,5	71,4	-1,6
Total	10.244,6	10.949,6	6,9	9.957,4	10.459,8	5,0

Fonte: ICEX

◀ CADRO 1.3.10.

2.795,5 millóns de euros, o que representa o 43,9% das importacións procedentes desa área económica e un 98,9% do valor total das importacións galegas correspondentes ao devandito capítulo. O segundo capítulo importador corresponde ao capítulo 72 (fundición, ferro e aceiro), cun importe de 480,4 millóns de euros, representando o 7,5% do total das importacións galegas que veñen dos países da UE e o 80,0% do valor das importacións galegas correspondentes ao devandito capítulo.

Tanto no caso de Francia como de Portugal, ambos os dous capítulos son os máis importantes en termos absolutos. Mentres que en Francia predomina o capítulo correspondente á automoción (representa o 79,8% das compras nese país), en Portugal predomina o capítulo 72, fundición, ferro e aceiro (o 18,1% das compras en Portugal). No que atinxe ás compras a Italia, **cadro 1.3.9.**, os dous primeiros capítulos son os da automoción e o de “reactores nucleares, caldeiras, máquinas, aparatos mecánicos; partes” (capítulo 84), que representan o 18,3% e 14,8% do valor total das importacións de Italia.

• Exportacións

O importe total das vendas galegas a terceiros países ascendeu no último ano a 10.459,8 millóns de euros, o que representa o 7,1% das exportacións españolas (unha décima menos que en 2003). Comparado co ano anterior, as exportacións medraron en Galicia un 5,0%, un punto porcentual menos que no ano 2003.

Ao igual que acontece coas importacións, existe unha maior concentración das exportacións galegas na provincia de Pontevedra, onde tras unha medra do 3,1% respecto ao ano anterior, o seu peso relativo no total das exportacións galegas é do 64,9%. Comparado co ano anterior, cómpre salientar a importante medra das exportacións na provincia de Lugo, un 17,2% máis que en 2003.

Da **análise sectorial** recollida no **cadro 1.3.11.** despréndese que os sectores que experimentaron unha maior taxa de crecemento interanual foron o enerxético, cunha medra do 23,8%, o de semimanufacturas, cun 13,6%, e o de bens de consumo, co 12,7%. A diferenza do acontecido no caso das importacións, o devandi-

Exportacións 2004: distribución sectorial

	Importe	04/03	sector/total	G/E
	(en millóns de €)		(%)	
Enerxéticos	225.797,9	23,8	2,2	4,1
Non enerxéticos	10.234.001,2	4,7	97,8	7,3
Sector primario	2.030.673,8	9,1	19,4	7,6
Productos agrícolas	1.533.616,6	6,4	14,7	7,1
Materias primas	497.057,2	18,6	4,8	10,1
Semimanufacturas	1.161.384,5	13,6	11,1	3,3
Industria química	430.076,7	17,9	4,1	2,2
Metais	410.507,3	29,4	3,9	3,7
Outras semimanufacturas	320.800,6	-5,8	3,1	7,7
Manufacturas	7.041.942,9	2,2	67,3	8,9
Bens de equipamento	5.247.657,8	-1,0	50,2	8,6
Maquinaria	370.002,5	6,6	3,5	1,7
Materiais de transporte	4.877.655,3	-1,5	46,6	12,5
Bens de consumo	1.794.285,1	12,7	17,2	9,9
Peletería	61.303,1	-1,1	0,6	6,2
Téxtiles	1.399.008,6	17,1	13,4	21,4
Outros bens de consumo	333.973,4	-0,2	3,2	3,2
Total	10.459.799,1	5,0	100	7,1

Fonte: ICEX

CADRO 1.3.11. ►

to cadro reflicte o descenso do valor das exportacións de bens de equipamento (1,0%), influenciado pola caída do subsector de materiais de transporte.

En termos do peso relativo no valor das exportacións galegas, dada a importancia do sector da automoción, cómpre salientar o sector de bens de equipamento, que representa a metade das exportacións galegas, (o 46,6% do valor das exportacións corresponden ao subsector dos materiais de transporte). Asemade, hai que mencionar ao sector primario, que acolle o 19,4% das exportacións (o subsector de produtos agrícolas acolle case un 15% das vendas galegas), e o sector de bens de consumo, co 17,2% das exportacións (os téxtiles representan o 13,4% do valor total das exportacións galegas).

No concernente ao peso relativo no valor total das exportacións españolas, o devandito cadro reflicte que Galicia representa o 21,4% das exportacións españolas do sector téxtil, fronte ao 12,5% do sector de materiais de transporte ou o 10,1% do subsector de materias primas.

Ao igual que no caso das importacións, o capítulo 87, correspondente a “automóvil, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios”, concentra a meirande parte das vendas ao exterior, ao acoller o 43,8% das exportacións galegas. Séguenlle en importancia os capítulos correspondentes a “peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos” (03), co 7,8% do valor total das exportacións, e os capítulos 62 e 61 correspondentes ao sector téxtil (“prendas e complementos de vestir, agás os de punto” e “prendas e complementos de vestir, os de punto”), que representan o 7,7% e 4,5% das vendas, respectivamente.

Da análise da **distribución xeográfica** das exportacións galegas en 2004 destaca, como é habitual, unha maior concentración das mesmas na Unión Europea, que acolle un 78,0% do valor total das exportacións (8.163,1 millóns de euros). O principal destino da vendas de Galicia, por mor do papel da factoría Citroën en Vigo, é Francia, con 3.498,7 millóns de euros, seguido de Portugal, con 1.804,9 millóns, e Italia, con 700,8 millóns de euros.

Exportacións 2004: principais capítulos e exportacións cara á Unión Europea, Francia, Portugal e Italia

Nº	Cap.	Denominación	Importe	cap. / total	04/03	Unión Europea	Francia	Portugal	Italia
			(en millóns de €)	(%)		(en millóns de €)			
1	87	Vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios	4.583,3	43,8	-0,3	3.881,0	2.792,5	159,0	162,5
2	3	Peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos	811,6	7,8	3,8	676,2	73,2	299,0	245,5
3	62	Prendas e complementos de vestir, agás os de punto	805,1	7,7	19,6	580,0	122,1	171,1	38,0
4	61	Prendas e complementos de vestir, de punto	467,8	4,5	12,0	335,5	60,1	111,7	20,9
5	16	Preparacións de carne, de peixe ou de crustáceos	296,9	2,8	2,6	254,1	60,8	42,1	111,2
6	68	Manufacturas de pedra, yeso, cemento, amianto, mica, etc.	296,5	2,8	-5,2	266,5	113,0	25,3	7,0
7	89	Navegación marítima ou fluvial	293,8	2,8	-17,6	82,9	6,2	8,1	2,2
8	44	Madeira, carbón vexetal e manufacturas de madeira	232,2	2,2	24,3	141,6	20,4	74,6	4,0
9	27	Combustibles minerais, aceites minerais e produtos da súa destilación; materias bituminosas; ceras minerais	225,8	2,2	23,8	67,9	1,9	23,1	0,3
10	85	Máquinas, aparatos e material eléctrico e as súas partes, aparatos de grabación e repr. e partes	203,7	1,9	10,0	124,1	41,5	65,1	1,3
Total dos principais capítulos			8.216,8	78,6	2,9	6.409,7	3.291,7	979,1	592,9
Resto			2.243,0	21,4	13,5	1.753,4	207,0	825,8	107,8
Total			10.459,8	100	5,0	8.163,1	3.498,7	1.804,9	700,8

Fonte: ICEX

Atendendo á desagregación por capítulos das exportacións galegas ao conxunto dos países da **Unión Europea**, **cadro 1.3.12.**, as vendas de produtos do capítulo 87 ascenden a 3.881,0 millóns de euros, o que representa o 47,5% das exportacións á UE e un 84,7% do valor total das exportacións galegas correspondentes ao devandado capítulo. Unha imaxe da importancia deste capítulo no sector exterior galego a da o feito de que o segundo capítulo exportador, ao capítulo 03 (peixes, crustáceos, moluscos e outros invertebrados), cun importe de 676,2 millóns de euros, representa o 8,3% do total das vendas a eses países.

▲ CADRO 1.3.12.

As exportacións a Francia concéntranse, como é lóxico, no capítulo 87, que acolle o 79,8% das vendas a ese país e o 60,9% das vendas totais dos produtos englobados neste capítulo. Pola contra, tanto no caso portugués como italiano, o predominio das exportacións prodúcese no capítulo 03, que acolle o 16,6% e 35,0% das vendas galegas a Portugal e Italia, respectivamente.

• Investimento galego no exterior e estranxeiro en Galicia

Segundo os datos do *Registro de inversiones españolas en el exterior*, os investimentos estranxeiros directos en Galicia e os galegos no exterior rexistraron en 2004 fortes crecementos en relación ao ano anterior.

O **investimento estranxeiro directo en Galicia** ao longo do ano 2004 ascendeu a 390,7 millóns de euros, 356,3 millóns de euros máis que no ano precedente. Comparado co resto das comunidades autónomas, Galicia acolle o 2,2% do investimento directo estranxeiro en España, sendo a sexta comunidade autónoma con maior investimento, por detrás de Madrid, Cataluña, a C. Valenciana, País Vasco e Asturias. Cómpre salientar que na análise da distribución por comunidades autónomas podería existir un sesgo a favor das CC.AA. nas que se sitúa con maior frecuencia a sede social das empresas, que pode non gardar relación co empazamento efectivo dos centros de produción e de xeración de emprego.

A UE-25 é a responsable do 98,8% do investimento estranxeiro en Galicia (386,0 millóns de euros), porcentaxe moi superior á do conxunto do Estado, que

Investimento estranxeiro bruto total nas CC.AA. 2003-04

	2003		2004		04/03	OCDE	UE - 25
	CA/total		Total	CA/total			
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	(%)	(en millóns de €)	
Andalucía	251,1	1,4	295,6	1,7	17,7	227,8	216,9
Aragón	5.030,1	28,2	43,3	0,2	-99,1	42,2	41,2
Asturias	49,6	0,3	700,5	3,9	1.311,3	698,6	681,9
Baleares	332,9	1,9	103,1	0,6	-69,0	70,4	59,4
Canarias	160,5	0,9	359,2	2,0	123,8	312,0	275,7
Cantabria	0,7	0,0	24,7	0,1	3.310,3	1,0	0,4
Castela e León	10,0	0,1	2,5	0,0	-74,7	2,2	2,2
Castela-A Mancha	382,2	2,1	28,4	0,2	-92,6	26,0	26,0
Cataluña	2.395,9	13,5	4.037,6	22,6	68,5	3.718,2	1.679,4
C. Valenciana	261,3	1,5	2.278,9	12,8	772,1	2.257,8	2.250,4
Extremadura	92,9	0,5	3,8	0,0	-95,9	1,5	1,0
Galicia	34,4	0,2	390,7	2,2	1.035,3	386,4	386,0
Madrid	7.600,0	42,7	6.836,8	38,3	-10,0	6.096,7	4.842,1
Murcia	869,4	4,9	323,4	1,8	-62,8	323,2	322,4
Navarra	10,4	0,1	15,4	0,1	48,0	13,3	6,4
País Vasco	294,5	1,7	2.196,6	12,3	645,9	2.192,0	316,5
A Ríoxa	27,7	0,2	0,8	0,0	-97,1	0,8	0,8
Ceuta-Melilla	6,1	0,0	16,5	0,1	172,6	10,6	10,3
Varias	2,5	0,0	161,7	0,9	6.315,5	161,7	155,4
Todo o territorio	-	-	38,1	0,2		37,2	37,2
Total	17.812,2	100	17.857,5	100	0,3	16.579,6	11.311,7

Fonte: Dirección General de Comercio e Inversiones

CADRO 1.3.13. ►

foi do 63,3% no último ano. Cómpre salientar que o investimento de empresas portuguesas ascendeu a 364,0 millóns de euros, o que significa que case un tercio do investimento portugués en España se fai en Galicia.

Atendendo á distribución sectorial, o **cadro 1.3.14.** reflicte que o sector de “outras manufacturas” acolle a practica totalidade do investimento estranxeiro, con 377,4 millóns de euros. Dentro deste sector, o investimento en “fabricación de outros produtos minerais non metálicos” ascendeu a 358,7 millóns de euros, e o investimento nos subsectores de fabricación de vehículos de motor e compoñentes e de fabricación de outro material de transporte ascendeu, no seu conxunto, a 18,7 millóns de euros.

No que atinxe ao **investimento galego no exterior**, este ascendeu en 2004 a 457,9 millóns de euros (o 1,0% do investimento estatal), o que o converte na quinta comunidade que máis inviste no estranxeiro, tras Madrid, Cataluña, o País Vasco e a C. Valenciana. Comparado co mesmo período do ano anterior, o investimento galego medrou un 117,3%, sendo esta medra do 52,8% no conxunto do Estado.

O investimento galego diríxese fundamentalmente aos países da Unión Europea, que acollen case as tres cuartas partes do investimento total. Entre os países da UE, o principal destino é Portugal, con 204,9 millóns de euros, seguido por Italia e os Países Baixos, con 30,7 e 30,1 millóns de euros, respectivamente. Fóra da UE cómpre salientar o importe do investimento galego en Xapón, que ascende a 30,2 millóns de euros.

En 2004, tres ramas de actividade concentran a meirande parte dos investimentos galegos. Os datos recollidos no **cadro 1.3.16.** indican que as actividades inmobiliarias e servizos, as do comercio e as de alimentación, bebida e tabaco acollen o 88,9% do investimento. Comparado co investimento realizado polo conxunto do Estado, cómpre salientar que Galicia acolle o 25,3% do investimento nas actividades de agricultura, gandería, caza, silvicultura e pesca.

Investimento estranxeiro bruto en empresas españolas en Galicia e España 2003-04: distribución sectorial

	Galicia		España		G/E	
	2003	2004	2003	2004	2003	2004
	(en miles de €)	(en miles de €)	(en miles de €)	(en miles de €)	(%)	(%)
	(% / total)	(% / total)	(% / total)	(% / total)		
Agricultura, ganadería, caza e pesca	1.828,5	242,5	49.887,7	52.066,9	0,3	3,7
Produc., Distribuc. eléctrica, gas e auga	8.854,1	-	703.456,3	683.272,2	3,9	1,3
Ind. extractiva, refino petróleo	4.488,7	-	109.031,6	73.134,1	0,6	4,1
Alimentación, bebidas e tabaco	762,7	4,0	113.687,6	431.851,5	0,6	2,4
Ind. textil e da confección	57,1	778,7	15.280,2	213.041,2	0,1	1,2
Ind. papel, edición e artes gráficas	14,5	-	403.967,6	139.617,3	2,3	0,8
Ind. química e transformación caucho e plásticos	2.553,5	2.887,5	1.414.498,6	729.018,6	7,9	0,2
Outras manufacturas	4.074,6	377.447,1	657.728,2	2.700.406,9	3,7	15,1
Construcción	125,2	1.747,7	71.863,5	140.061,2	0,4	0,2
Comercio	2.507,3	608,5	838.413,6	2.203.012,0	4,7	12,3
Hostalería	865,5	136,7	337.313,9	130.647,6	1,9	0,7
Transporte e comunicacións	200,5	28,6	2.190.808,3	454.918,4	12,3	2,5
Intermediación financeira, banca e seguro	-	1.659,3	780.813,9	1.613.064,5	4,4	9,0
Actividades inmobiliarias e servizos	8.066,5	5.081,0	1.338.377,0	1.293.142,7	7,5	7,2
Xestión de sociedades e tenencia valores	-	60,2	7.900.330,5	6.731.113,8	44,4	37,7
Outros	14,7	-	886.703,7	269.292,2	5,0	1,5
Total	34.413,3	390.681,9	17.812.162,2	17.857.461,3	100	100
					0,2	2,2

Fonte: Dirección General de Economía Internacional y Transacciones Exteriores

◀ CADRO 1.3.14.

Investimentos no exterior das CC.AA. 2003-04

	2003		2004		04/03 (%)	OCDE (en millóns de €)	UE - 25 (en millóns de €)
	CA/total		CA/total				
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)			
Andalucía	67,0	0,2	25,2	0,1	-62,4	12,2	12,1
Aragón	5.323,9	17,4	19,1	0,0	-99,6	18,3	9,1
Asturias	61,3	0,2	0,4	0,0	-99,3	0,4	0,4
Baleares	587,2	1,9	5,4	0,0	-99,1	4,8	3,5
Canarias	152,6	0,5	41,4	0,1	-72,9	36,5	34,2
Cantabria	10,2	0,0	124,9	0,3	1123,6	118,4	113,3
Castela e León	66,3	0,2	34,9	0,1	-47,3	25,3	22,4
Castela-A Mancha	14,2	0,0	4,4	0,0	-68,9	0,4	0,4
Cataluña	5.611,1	18,3	8.505,9	18,2	51,6	7.750,7	7.033,6
C. Valenciana	826,1	2,7	1.695,9	3,6	105,3	1.681,3	1.660,3
Extremadura	59,3	0,2	0,4	0,0	-99,3	0,4	0,3
Galicia	210,7	0,7	457,9	1,0	117,3	381,4	329,3
Madrid	16.014,2	52,4	29.471,3	63,1	84,0	26.391,0	25.197,2
Murcia	595,0	1,9	18,3	0,0	-96,9	18,0	16,3
Navarra	27,1	0,1	27,4	0,1	1,1	9,7	7,3
País Vasco	946,8	3,1	6.290,6	13,5	564,4	1.418,2	219,3
A Rioxa	15,2	0,0	6,2	0,0	0,0	5,5	5,5
Ceuta e Melilla	-	0,0	-	0,0	-	-	-
Total	30.588,1	100	46.729,7	100	52,8	37.872,6	34.664,4

Fonte: Registro de Inversiones Españolas en el Exterior

CADRO 1.3.15. ►

CADRO 1.3.16. ▼

Investimento bruto de Galicia e España no exterior 2004: distribución segundo actividade económica

	Galicia		España		G/E (%)	2003/04	
	(en miles de €)	(% / total)	(en miles de €)	(% / total)		Galicia	España
	(en miles de €)	(% / total)	(en miles de €)	(% / total)		(%)	(%)
Agricultura, gandería, caza, selvicultura e pesca	28.884,0	6,3	114.332,3	0,2	25,3	85,0	-34,1
Produc./Distribuc. enerxía eléctrica, gas e auga	-	-	914.060,4	2,0	-	-	-64,5
Industrias extractivas, refino petróleo	-	-	517.579,8	1,1	-	-100,0	-55,6
Alimentación, bebidas e tabaco	87.096,1	19,0	1.889.543,9	4,0	4,6	628,2	-25,7
Industria téxtil e da confección	-	-	40.014,5	0,1	-	-100,0	-95,0
Ind. papel, edición e artes gráficas	-	-	91.506,6	0,2	-	-100,0	-82,1
Ind. química e transformación caucho e plásticos	-	-	3.137.022,7	6,7	-	-	-17,0
Outras manufacturas	3.815,8	0,8	6.726.072,3	14,4	0,1	-57,6	-38,6
Construcción	2.900,0	0,6	179.115,0	0,4	1,6	124,6	-21,7
Comercio	157.976,2	34,5	2.766.897,3	5,9	5,7	-4,3	20,6
Hostalería	-	-	46.043,6	0,1	-	-	-79,8
Transporte e comunicacións	-	-	4.185.839,7	9,0	-	-100,0	184,9
Intermediación financeira, banca e seguro	15.279,7	3,3	20.414.362,7	43,7	0,1	1.802,4	669,3
Actividades inmobiliarias e servizos	161.927,1	35,4	4.545.629,2	9,7	3,6	5.816,8	338,7
Outros	-	-	1.161.639,9	2,5	-	-100,0	546,3
Total	457.878,8	100	46.729.659,9	100	1,0	117,3	52,8

Fonte: Registro de Inversiones Españolas en el Exterior

• Plan de Fomento das Exportacións Galegas (Foexga)

En último lugar amósanse os principais resultados da execución do Plan Foexga, que presenta como obxectivo o de estimular as exportacións e a expansión exterior da empresa galega. Ao longo do último ano volveu a incrementarse o número total de actuacións, que abarcan tanto o ámbito da promoción, como o da información e formación en comercio exterior, como o investimento total. Como reflicte o **cadro 1.3.17.**, nas 180 accións levadas a cabo en 2004, investíronse un total de 3.651,0 miles de euros (16,5% máis que en 2003), dos que o 41,8% foi aportado pola Xunta, e un 30,3% e 27,9%, polas Cámaras de Comercio e as empresas, respectivamente.

As accións máis importantes, no que ao número de accións, investimento e empresas participantes se refire, son as correspondentes ás feiras internacionais

Resumo das actuacións do Plan FOEXGA 2004

	Accións	Total	Aportacións Xunta	Aportacións empresas	Aportacións Cámaras
			(en €)		
Misións comerciais directas	44	1.187.434,12	494.686,68	396.240,24	296.507,20
Misións comerciais inversas	10	112.479,74	67.433,56	-	45.046,18
Misións de estudos	3	111.107,53	45.661,24	37.807,66	27.638,63
Encontros empresariais	6	98.122,38	46.504,61	10.226,30	41.391,47
Ferías internacionais	47	1.228.902,20	369.035,92	573.173,06	286.693,22
Bolseiros no exterior	24	543.673,91	271.836,92	-	271.836,99
Outras accións	46	369.252,48	230.784,15	-	138.468,33
Total	180	3.650.972,36	1.525.943,08	1.017.447,26	1.107.582,02

Fonte: Dirección Xeral de Comercio e Consumo

e ás misións comerciais directas. En conxunto, estas dúas accións acollen a metade das accións totais realizadas e dúas terceiras partes do investimento total.

▲ CADRO 1.3.17.

Respecto ás participacións e visitas a feiras internacionais, o número de realizacións ascendeu a 47, das que 34 corresponderon a visitas a feiras organizadas e 13 a participacións empresariais en feiras. O investimento total ascendeu a 1.228,9 miles de euros, dos que as empresas aportaron 573,2 miles de euros. Nas primeiras (28 visitas a países europeos e seis aos EEUU) participaron un total de 484 empresas, sendo os principais sectores a pesca, alimentación, pedra, confección, xoia, madeira e moble, construción, subcontratación, turismo, automoción, audiovisual e viños. No que atinxe ás trece participacións en feiras, doce en países europeos e unha en Asia, participaron un total de 71 empresas, os sectores de actividade nos que se centraron foron os da maquinaria-pesca, alimentación en xeral, moldes para o sector do plástico e subcontratación industrial.

Nas 44 misións comerciais directas realizadas en 2004, a meirande parte das mesmas de carácter multisectorial ou plurisectorial, participaron un total de 479 empresas. Os principais mercados receptores son os europeos, con vinte e catro misións, seguido dos mercados americanos, con dez misións, e os asiáticos, africanos e os de Oceanía, con seis, tres e unha misión, respectivamente. O investimento total ascendeu a 1.187,4 miles de euros, e a diferenza do acontecido no caso das feiras internacionais, a Xunta é o principal investidor, con 494,7 miles de euros. ■